

A nova Declaración de Dublín sobre Educación Global para 2050

Description

A educación en Europa e no mundo está a vivir unha transformación sen precedentes acelerada polas complexidades e desafíos globais que afrontan a Humanidade e o Planeta. Uns retos, e mesmo ameazas, que demandan respostas en man común a nivel planetario onde a educación pode actuar como panca esencial para o cambio positivo, tal e como destaca a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable.

Hai xa dúas décadas, a comunidade educativa europea consensuou un marco compartido que orientase as políticas públicas e as actuacións do conxunto de axentes públicos e privados comprometidos cunha educación global de calidade para todas as persoas. En novembro de 2002 aprobouse a Declaración de Maastrich sobre Educación Global no marco do Congreso Europeo sobre Educación Global. Aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio das Nacións Unidas, o seu obxectivo era desenvolver unha estratexia común para mellorar e incrementar a educación global en Europa de cara ao 2015.

Transcorridos vinte anos, os pasados 3 e 4 de novembro celebrouse en Dublín un novo Congreso Europeo sobre Educación Global organizado pola Rede Europea de Educación Global (GENE) coa encomenda de actualizar e renovar a Declaración de Maastrich. Despois dun amplo e inclusivo proceso de diálogo e participación, ministerios, axencias públicas, organizacións da sociedade civil, gobernos locais e rexionais e organizacións internacionais consensuaron aprobar a nova Declaración de Dublín sobre Educación Global para 2050.

Pero que se entende por Educación Global? A nova Declaración artellou unha renovada definición: “A Educación Global permite ás persoas reflexionar criticamente sobre o mundo e o seu lugar nel; abrir o seus ollos, corazóns e mentes á realidade do mundo a nivel local e global. Apodera ás persoas para comprender, imaxinar, ter esperanza e actuar co fin de construír un mundo con xustiza social e climática, paz, solidariedade, equidade e igualdade, sustentabilidade planetaria e cooperación internacional. Inclúe o respecto polos dereitos humanos, a diversidade, a inclusión e unha vida digna para toda persoa, agora e no futuro. A Educación Global abrangue un amplo conxunto de actuacións educativas: formais, non formais, ao longo de toda a vida e para toda a vida. E considerámola esencial para a transformación da educación e o desenvolvemento do seu poder transformador”.

Esta definición establece unha serie de elementos centrais. En primeiro lugar, os valores da xustiza social local e global, a paz, a solidariedade, a equidade e igualdade, a sustentabilidade do planeta, a inclusión, os dereitos humanos, a diversidade e a cooperación internacional. En segundo lugar, salienta a interconexión entre as dimensións locais e globais dos problemas que afectan ás persoas, outros seres vivos e o planeta, entre xeracións, entre culturas e entre o pasado, o presente e o futuro. En terceiro lugar, subliña o seu compromiso coas prácticas educativas inclusivas, participativas,

inspiradoras e esperanzadoras, orientadas a facilitar o pensamento crítico, a dar protagonismo aos educandos e que desenvolven competencias e habilidades para unha acción individual e colectiva informada, reflexiva e significativa.

A Educación Global arela, logo, que as persoas desenvolvan criticamente as competencias necesarias para realizar as súas vidas nun contexto de crecentes complexidades, interdependencias e con desafiantes incertezas e ameazas. Ante esta realidade, a Educación Global aposta por prácticas educativas emancipadoras e liberadoras onde as persoas se apoderan e se comprometen activamente coa transformación social, económica e ecolóxica positiva, cos dereitos humanos e a democracia. E para conseguilo a Educación Global resulta necesaria, imprescindible e urxente.

Por este motivo, resulta preciso que o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia amplíen o seu apoio á Educación Global nas súas políticas públicas, especialmente as educativas e de cooperación internacional. Mais deben facelo dun xeito integrado, coherente e ambicioso en diálogo co conxunto dos axentes educativos públicos e privados para que toda persoa goce do dereito a unha Educación Global de calidade para construír o soño dunha Humanidade emancipada nun Planeta xusto.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Development cooperation

ETIQUETAS

Cooperación Galicia educación internacional

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

International Cooperation and Agenda 2030

Date Created
December 10, 2022
Meta Fields

Autoria :	101539
Datapublicacion :	20221210